



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VENTOSELA
15 DE NOVEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Dar conta dos Participativos das obras 2017
3. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M^a José Barciela Barros

En representación dos grupos municipais:

- Jorge Varela Couñago (AER)
- José M. Alonso Estévez (PP)

Como representantes de asociacións:

- Josefa Couñago Iglesias (sector muller)
- Ángel González Amoedo (sector cultura)
- Telmo Cabaleiro Castrelos (Miñoteira)

Como representante da Comunidade de Montes:

- Félix Cal Cortizas

Como representantes da Comunidade de Augas

- Bernardo Freire Míguez

Incorpórase ás 21:00 h. José Manuel Alonso Estévez

Secretaria acctal.: Manuela Docampo Pintos

No Centro Social da Miñoteira, a quince de novembro de dous mil dezasete, previa convocatoria reuníronse os/as membros arriba nomeados do Consello Parroquial de Ventosela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria acctal. do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola presidenta, declarouse aberta a sesión as vinte horas e coarenta e cinco minutos e comeza a súa intervención explicando que non é posible tratar o primeiro asunto da orde do día " Aprobacion, se procede, da acta anterior", xa que xunto coa convocatoria da xuntanza non se remitiu o borrador da acta da xuntanza anterior, polo que comunica que se incluírá na vindeira sesión.

Se procede a tratar o punto seguinte.



CONCELLO DE REDONDELA

2.- Dar conta dos participativos das obras 2017

A presidenta comunica aos membros do consello parroquial que a **construción do muro da parte de abaixo da Cultural**, correspondente aos orzamentos participativos do ano 2017, está pendente de contratación.

Jorge Varela pregunta cómo vai o muro se en talude ou en pequenas gradas.

A presidenta contestalle que vai en talude pero que vai quedar preparado para que nun futuro se poidan pór gradas.

Bernardo Freire contesta tamén que vai en talude e pregunta a presidenta polas ofertas.

A presidenta comenta que cando estea a memoria o que queira pode presentar a súa proposición (oferta).

Ángel González pregunta sobre o proceso, cómo vai, qué vai primeiro.

Jorge Varela contestalle que non fai falla que se faga ningún proceso, xa que vai ser Carna a que realice o muro, xa que fai mais barato.

A presidenta dille que é unha empresa de eiquí, que paga impostos en Redondela e que realiza obras pequenas para o Concello a bo prezo.

Jorge Varela di que fai as obras de 15.000 en 15.000 € pero que ao final superan os 400.000 € de importe anual.

3.- Rogos e preguntas.-

Jorge Varela di que fai tempo que se trouxo un borrador ao consello parroquial para a modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais e que AER presentou a súa proposta, considera que se fixo vacile co asunto.

A presidenta contesta que ese expediente o ten o secretario xeral do Concello, que como houbo cambio de secretario, está pendente.

Jorge Varela dille que máis ben vos cargasteis á secretaria.

A presidenta contesta que máis ben se cargou ela soa.

Jorge Varela di que non se cumpre a moción que aprobou AER no pleno e que non pasa nada. Alí ademais dos participativos tamén se incluía que había que ir aumentando o gasto, ir polas parroquias e votar o que se consideraba necesario para estas, non facer muros sen mais. Iso que se aprobou fai anos non se cumpre e ter que esperar 2 ou 3 anos para revisar a moción. Que lle cansa ter que repetir o mesmo.

A presidenta contéstalle que están cos presupostos prorrogados.



CONCELLO DE REDONDELA

Jorge Varela pregunta, dirixíndose aos membros da comisión de Montes que se se acordan de que un ano non había orzamentos participativos porque estaban prorrogados os orzamentos, di que se volve a demostrar que é mentira que cos orzamentos prorrogados non se poidan realizar os gastos dos participativos.

A presidenta informa que xuridicamente este ano para que non pasara o mesmo, elaborouse un convenio.

Jorge Varela di que se desviaron os fondos.

Telmo Cabaleiro pregunta para cando vai ser o das pistas.

A presidenta contesta que despois de que se constrúa o muro, o seguinte paso é facer a modificación de inscrición no Rexistro da Propiedade, xa que está errado e logo xa se faría.

Ángel González pregunta canto tempo vai a tardar entón.

A presidenta contesta que ata o ano .

Félix Cal quería recordar que a burocracia atenaza, di que se leva moito tempo coa construción da pista, da cesión de Montes ao Concello, logo o concello cedeu a Aldeas Infantís e agora non se pode realizar a obra se non se cambia a inscrición no Rexistro da Propiedade, xa que consta a nome do Concello.

A presidenta di que fai falla o cambio de inscrición no Rexistro da Propiedade, xa que ao preguntar no rexistro, viuse que figuraba a nome do Concello.

Telmo Cabaleiro pregunta se o concello podería facilitar bolsas para as papeleiras do parque infantil.

Ángel González pregunta se non tería que vir o Concello a limpar e recoller as papeleiras unha vez á semana, ao mes..

Jorge Varela di que a xente pide papeleiras pero que supón un gasto para o concello, que non custa nada levar os desperdicios e botalos nun contenedor e que neste caso está preto.

Bernardo Freire considera que o mellor é pór un cartel indicando que o lixo se deixe no contenedor.

Félix Cal di que tristemente hai xente que non usa a papeleira aínda que estea aí.

Bernardo Freire comenta que poderían recoller as bolsas da papeleiras as persoas que levan a Cultural, que non lle custaría nada.

Josefa Couñago considera que está ben que se poñan papeleiras, xa que así tamén se ensinan aos rapaces que deben utilízalas.



CONCELLO DE REDONDELA

Telmo Cabaleiro pide alumeado para o parque infantil.

A presidenta dille que mandou arranxar unha farola que está preto do parque.

Jorge Varela comenta que sería bo que o alumeado que se coloque sexa do que se encende co paso da xente.

Ángel González pide que se facilite á directora unha chave da parte de abaixo do colexio, xa que aínda que o Concello dea permiso para aparcar alí, hai que avisarlle a mestra.

Bernardo Freire dille que alí só se aparca cando non hai colexio e que había permiso do Concello.

A presidenta contesta que é un terreo municipal.

Ángel González responde que si, que o mantemento do colexio corresponde ao Concello pero que o responsable é a Xunta, e Educación lle bota a culpa ao director.

Jorge Varela di que entón hai que comunicalo e punto.

Ángel González considera que o concello é o intermediario pero que o permiso ten que vir da Xunta, de Educación.

O consello parroquial pide que o concello corrixa o procedemento de actuación respecto á utilización do aparcadoiro da parte de abaixo do colexio e que se comunique a Educación e á mestra.”

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Ref.: MJBB/mdp

O Consello Parroquial de Ventosela, na xuntanza ordinaria celebrada o 6/02/2018 acordou, entre outros, o seguinte asunto:

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.

A presidenta dá conta das actas das xuntanzas ordinarias deste consello parroquial do 10 de maio de 2017 e 15 de novembro de 2017 e antes de sometelas a votación Olga Nogueira comenta en relación co punto 3.- *Rogos e preguntas* da acta do 15 de novembro no referente ao aparcadoiro da parte de abaixo do colexio, que non se tomou ningún acordo e que considera que ademais de a Educación se debe comunicar tamén á mestra.

Os membros asistentes do consello mostran a súa conformidade á corrección indicada por Olga Nogueira.

Sometidas a votación as dúas actas, apróbanse ambas as dúas polos membros asistentes, incorporando a corrección indicada por Olga Nogueira na acta do 15 de novembro de 2017, engadindo despois da intervención de Ángel González que é a última da sesión, que “ O consello parroquial pide que o concello corrixa o procedemento de actuación respecto á utilización do aparcadoiro da parte de abaixo do colexio e que se comunique a Educación e á mestra.”

Documento asinado electronicamente á marxe pola secretaria do consello parroquial.